- Varanda exterior oxidada e perigosa, que debe ser substituída por un elemento de seguridade homologado.

A maiores, cómpre sinalar a falta de persoal de apoio en Infantil, especialmente grave este curso no que hai varios nenos e nenas con necesidades educativas especiais, sen reposición do apoio retirado o ano pasado.

Esta situación é insostible e vulnera o dereito do alumnado de Zas a recibir unha educación pública en condicións dignas, seguras e saudables. A Consellería de Educación debe actuar con urxencia, acometendo un plan integral de reforma e reposición de infraestruturas, así como garantir o persoal de apoio necesario para atender adecuadamente a todo o alumnado.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Consellería de Educación realizar algunha actuación urxente no CPI de Zas para corrixir as deficiencias estruturais existentes?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

153807

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:48:01

Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 9:48:10

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 9:48:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:13:39
Nº Rexistro: 43768
Data envío: 02/01/2026 10:13:39.378

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:13:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:13:39
Nº Rexistro: 43768
Data envío: 02/01/2026 10:13:39.378

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:15:27
Nº Rexistro: 43770
Data envío: 02/01/2026 10:15:27.450

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:50
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A mobilidade voluntaria do persoal funcionario é un dereito recoñecido no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e constitúe unha ferramenta esencial para favorecer a conciliación da vida laboral e persoal, o desenvolvemento profesional e a racionalización da organización administrativa.

Porén, na Administración autonómica galega, a xestión dos concursos de traslados, tanto dos corpos xerais como dos corpos e escalas especiais, caracterízase pola falta de periodicidade, o atraso na resolución e a ausencia de procedementos abertos e continuos. En moitos casos, transcorren varios anos entre unha convocatoria e outra, o que impide a mobilidade real do persoal e xera malestar e desmotivación entre os empregados e empregadas públicas.

Esta situación contrasta co modelo de concursos permanentes e abertos que xa funcionan con éxito no Servizo Galego de Saúde (Sergas) e na Administración Xeral do Estado, onde o persoal pode solicitar prazas dispoñibles ao longo de todo o ano, con resolucións periódicas e con sistemas informáticos eficaces e transparentes.

A realidade da función pública autonómica galega amosa, pola contra, unha notable carencia de medios humanos e técnicos na dirección xeral competente en materia de función pública, o que provoca retrasos reiterados tanto nos

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:50
Por Carlos López Font

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:49
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

153810

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:15:27
Nº Rexistro: 43770
Data envío: 02/01/2026 10:15:27.450

concursos de traslados como noutros procedementos (ofertas de emprego público, promoción interna, bolsas, etc.).

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma un compromiso real coa modernización e co dereito á mobilidade do persoal público, mediante a convocatoria recorrente e aberta dos concursos, a mellora dos medios informáticos e o reforzo do persoal técnico destinado á súa tramitación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego implantar un sistema de concursos abertos e permanentes na función pública autonómica, semellante ao existente no Sergas e na Administración Xeral do Estado?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153811

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:49:59

Carlos López Font na data 02/01/2026 9:50:04

Paloma Castro Rey na data 02/01/2026 9:50:11

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 9:50:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:15:27
Nº Rexistro: 43770
Data envío: 02/01/2026 10:15:27.450



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:15:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:15:27
Nº Rexistro: 43770
Data envío: 02/01/2026 10:15:27.450

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:19:41
Nº Rexistro: 43773
Data envío: 02/01/2026 10:19:41.599

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:51
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Nos últimos meses publicáronse diversas informacións en medios locais da comarca de Bergantiños que poñen de manifesto o mal funcionamento da liña de autobuses Carballo – A Coruña, xestionada pola empresa concesionaria Arriva SL ao abeiro do plan de transporte público da Xunta de Galicia.

Segundo recollen cabeceiras como *Diario de Bergantiños* e *Que pasa na Costa*, moitos dos autobuses directos que parten dende Fisterra ou Muxía chegan a Carballo xa sen prazas dispoñibles, o que obriga ás persoas usuarias que pretenden viaxar dende esta localidade a agardar polo seguinte servizo. O problema agrávase porque o seguinte bus, normalmente, non é directo e tarda o dobre de tempo en completar o traxecto ata A Coruña.

Ademais, diversos usuarios denunciaron situacións irregulares na estación de autobuses da Coruña, onde non se respecta a orde de chegada na cola de embarque e se dá prioridade ás persoas que viaxan até o final da ruta (Fisterra), deixando en terra ás que teñen como destino Carballo. Trátase dunha práctica arbitraria, sen base regulamentaria coñecida, que vulnera o principio de igualdade no acceso a un servizo público e afecta á fiabilidade do transporte.

Tamén se recollen queixas polo uso de billetes anunciados como “directos” que logo son substituídos por servizos lentos, con múltiples paradas, prolongando un traxecto de apenas 35 quilómetros ata unha hora e media de duración.

Esta situación ten un impacto directo sobre a cidadanía da comarca de Bergantiños:

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:51
Por Carlos López Font

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:50
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

153814

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:19:41
Nº Rexistro: 43773
Data envío: 02/01/2026 10:19:41.599

- dificulta o acceso ao emprego, á educación e aos servizos públicos na cidade da Coruña;
- desincentiva o uso do transporte público fronte ao vehículo privado;
- e frea o desenvolvemento económico e social dunha das zonas máis dinámicas da Costa da Morte.

Por todo o anterior, considérase imprescindible que a Xunta de Galicia actúe con urxencia para garantir un servizo de transporte digno, eficiente e equitativo na liña Carballo–A Coruña.

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cales son as frecuencias actuais da liña Carballo–A Coruña que parten desde Carballo nas horas de maior demanda?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

153815

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:50:55

Carlos López Font na data 02/01/2026 9:51:02

Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 9:51:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:19:41
Nº Rexistro: 43773
Data envío: 02/01/2026 10:19:41.599

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:19:41
Nº Rexistro: 43773
Data envío: 02/01/2026 10:19:41.599

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:19:42

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:20:10
Nº Rexistro: 43775
Data envío: 02/01/2026 10:20:10.876

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:52
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A mobilidade é un dereito básico que garante a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o desenvolvemento económico. Sen transporte público de calidade, as comarcas rurais sofren un dobre prexuízo: a dependencia obrigatoria do vehículo privado e o abandono institucional que impide fixar poboación e atraer investimentos.

Na Costa da Morte, a situación do transporte público segue a ser un dos grandes impedimentos para o progreso. Exemplos recentes amosan a insuficiencia do servizo:

- No concello de Ames, as liñas metropolitanas de conexión con Santiago rexistran masificación en horas punta, deixando persoas usuarias nas paradas.
- En Camariñas, Fisterra ou Muxía, o transporte escolar non garante horarios nin prazas suficientes, obrigando ao alumnado a desprazarse en condicións inadecuadas.
- A autovía AG-55 continúa sen completar o seu trazado ata Cee, limitando a conectividade da comarca e xerando un agravio comparativo con outras zonas de Galicia.

O caso máis paradigmático é o da liña Carballo – A Coruña, que debería ser a principal arteria de comunicación da comarca e, porén, funciona en condicións claramente deficientes:

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:51
Por Carlos López Font

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:51
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153818

28071 Madrid

@PSdeG



- Moitos autobuses directos que chegan a Carballo desde Fisterra ou Muxía dispoñen xa de poucas ou ningunha praza libre, obrigando ás persoas usuarias de Carballo a esperar por outro bus.
- O seguinte servizo non é directo e tarda o dobre de tempo, convertendo un traxecto de apenas 30 km nunha viaxe longa e ineficiente.
- Na estación de autobuses da Coruña, a empresa concesionaria Arriva SL prioriza o embarque de viaxeiros con destino final en Fisterra, excluindo a usuarios de destinos intermedios como Carballo. Esta práctica arbitraria non conta con cobertura legal, supón un trato desigual e resulta incompatible cun servizo público.

Este modelo non garante equidade nin eficacia, desincentiva o uso do transporte público e converte Carballo, capital económica da Costa da Morte, nun exemplo de como as malas decisións en materia de mobilidade penalizan a toda unha comarca.

En consecuencia, é urxente que a Xunta de Galicia, como autoridade competente en materia de transporte, actúe con decisión para corrixir esta situación.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas pensa adoptar a Xunta para garantir que todas as persoas usuarias que acceden á liña Carballo – A Coruña desde Carballo dispoñan de praza nos autobuses?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:51:48

Carlos López Font na data 02/01/2026 9:51:54

Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 9:52:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:20:10
Nº Rexistro: 43775
Data envío: 02/01/2026 10:20:10.876

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:20:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:20:10
Nº Rexistro: 43775
Data envío: 02/01/2026 10:20:10.876

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:21:06
Nº Rexistro: 43778
Data envío: 02/01/2026 10:21:06.548

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno de España aprobou en maio de 2025 unha nova folia de ruta do biogas, que actualiza os obxectivos de produción de enerxía renovable de orixe biolóxica e establece medidas para impulsar a valorización enerxética dos residuos orgánicos, a redución das emisións e o aproveitamento circular dos subprodutos gandeiros e agroindustriais.

Esta estratexia estatal promove o desenvolvemento de proxectos de biogas e biometano sostibles, vinculados ao territorio e orientados á xestión eficiente dos residuos gandeiros, en especial nas zonas de elevada carga intensiva como A Limia, Terra Chá, Deza, Xallas ou Arzúa-Ulloa.

Así mesmo, insta as comunidades autónomas a aprobar plans territoriais específicos que avalíen a capacidade de carga agraria, a dispoñibilidade de solo e a compatibilidade ambiental e social destes proxectos.

Porén, en Galicia non se coñece a existencia dun plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, nin dunha normativa autonómica específica que regule con claridade os criterios de localización, capacidade máxima das instalacións, distancias mínimas a núcleos de poboación ou medidas de control sobre o transporte e a xestión do dixestato xerado.

En distintas comarcas, especialmente na Limia, estanse a promover proxectos de grandes dimensións, moitos deles impulsados por capitais alleos ao sector

Asinado o día 02/01/2026 ás
09:52
Por Lara Méndez López

Asinado o día 02/01/2026 ás
09:52
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

153822

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:21:06
Nº Rexistro: 43778
Data envío: 02/01/2026 10:21:06.548

agrogandeiro galego, xerando preocupación social e ambiental polo posible incremento da presión sobre o solo e as augas subterráneas, así como polo tránsito intensivo de camións e o impacto sobre a calidade de vida no medio rural.

Neste contexto, cómpre coñecer cal é a posición da Xunta de Galicia respecto da Folla de Ruta estatal e as medidas que prevé adoptar para garantir que o desenvolvemento do biogas en Galicia sexa ordenado, sostible e compatible co equilibrio territorial e ambiental.

En particular, resulta oportuno aclarar:

- Se ten previsto o Goberno galego elaborar e aprobar un plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, en coherencia coa folla de ruta estatal.
- Se incluírá medidas específicas para o tratamento integral do purín na comarca da Limia, atendendo á súa elevada carga gandeira e ao risco de declaración como Zona Vulnerable a Nitratos (ZVN).
- Se o Goberno galego dispón dunha normativa autonómica específica sobre as plantas de biogas e biometano, e se contempla establecer limitacións de capacidade, distancias mínimas a vivendas e núcleos rurais, e restricións ao transporte pesado asociado.
- Se se vai regular de forma específica a xestión do dixestato resultante do proceso de biometanización.
- E finalmente, que coordinación mantén o Goberno galego co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) para a execución da folla de ruta estatal e o aproveitamento dos fondos europeos destinados ao desenvolvemento do biogas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153823

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:21:06
Nº Rexistro: 43778
Data envío: 02/01/2026 10:21:06.548

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego aprobar o plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogas, tal e como se propón nesta iniciativa, e en que prazos prevé facelo?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153824

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:52:47

Lara Méndez López na data 02/01/2026 9:52:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:21:06
Nº Rexistro: 43778
Data envío: 02/01/2026 10:21:06.548

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:21:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:21:06
Nº Rexistro: 43778
Data envío: 02/01/2026 10:21:06.548

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:21:39
Nº Rexistro: 43780
Data envío: 02/01/2026 10:21:39.686

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O proceso de repotenciación eólica que se está a impulsar en Galicia supón unha transformación profunda do mapa enerxético do país. A substitución de antigos aeroxeradores por outros de maior potencia e rendemento non é un simple cambio tecnolóxico: implica unha modificación substancial na recadación derivada do canon eólico e, en consecuencia, nos ingresos do Fondo de Compensación Ambiental (FCA), que se nutre directamente dese imposto ambiental.

A nova realidade enerxética, marcada pola concentración empresarial e pola redución do número de máquinas por parque, provocará unha diminución significativa da recadación total.

Este descenso afectará especialmente aos concellos rurais que, durante anos, viron no Fondo de Compensación Ambiental un instrumento esencial para financiar servizos básicos, mellorar infraestruturas e promover proxectos de desenvolvemento local.

Ademais, o modelo actual non contempla mecanismos suficientes para garantir que as comunidades locais participen dos beneficios xerados pola explotación dos recursos eólicos, nin que teñan voz nas decisións sobre o seu aproveitamento.

Mentres os promotores aumentan a súa rendibilidade grazas á modernización tecnolóxica, os territorios afectados corren o risco de perder capacidade

Asinado o día 02/01/2026 ás
09:53
Por Lara Méndez López

Asinado o día 02/01/2026 ás
09:53
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

153827

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:21:39
Nº Rexistro: 43780
Data envío: 02/01/2026 10:21:39.686

económica e autonomía financeira, acentuando as desigualdades territoriais xa existentes.

Por iso, resulta urxente adaptar o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental á nova etapa da repotenciacións eólicas no país, garantindo unha xestión máis xusta, transparente e participativa, que asegure retorno económico, equidade territorial e beneficio social real para Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que estimación realiza a Xunta sobre a perda de recadación do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental derivada dos procesos de repotenciación dos parques existentes?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153828

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:53:19

Lara Méndez López na data 02/01/2026 9:53:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:21:39
Nº Rexistro: 43780
Data envío: 02/01/2026 10:21:39.686

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:21:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:21:39
Nº Rexistro: 43780
Data envío: 02/01/2026 10:21:39.686

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:22:12
Nº Rexistro: 43782
Data envío: 02/01/2026 10:22:12.333

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os xulgados de Carballo levan tempo sufrindo unha situación de colapso estrutural derivada da falta de medios humanos e materiais, así como dun incremento notable da carga de traballo.

O partido xudicial de Carballo abrangue un número importante de municipios da comarca de Bergantiños, o que supón unha elevada demanda de servizos xudiciais.

Segundo informes recentes do Consello Xeral do Poder Xudicial e dos propios profesionais da xustiza, os dous xulgados de primeira instancia e instrución de Carballo están claramente saturados, acumulando expedientes e demorando os procedementos, o que atenta contra o dereito á tutela xudicial efectiva recollido no artigo 24 da Constitución Española.

Esta situación está a provocar unha grave deterioración do servizo público de xustiza na comarca, cun impacto directo na cidadanía e nos profesionais do sector xurídico. Ademais, esta sobrecarga incrementa o risco de erros xudiciais e afecta negativamente ao benestar do persoal que traballa nos órganos xudiciais.

Cómpre, pois, adoptar medidas urxentes para desconxestionar os xulgados de Carballo e garantir unha xustiza áxil, eficaz e accesible para toda a poboación da comarca.

Asinado o día 02/01/2026 ás
09:54
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 02/01/2026 ás
09:53
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153831

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:22:12
Nº Rexistro: 43782
Data envío: 02/01/2026 10:22:12.333

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

É coñecedora a Xunta de Galicia da situación de colapso que sofren actualmente os xulgados de primeira instancia e instrución de Carballo?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153832

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:53:56

Paloma Castro Rey na data 02/01/2026 9:54:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:22:12
Nº Rexistro: 43782
Data envío: 02/01/2026 10:22:12.333

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:22:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:22:12
Nº Rexistro: 43782
Data envío: 02/01/2026 10:22:12.333

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:23:54
Nº Rexistro: 43784
Data envío: 02/01/2026 10:23:54.349

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:55
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A maioría dos bancos permanecen pechados ou sen actividade real na Costa da Morte. A Xunta continúa sen exercer de maneira eficaz as súas competencias exclusivas en marisqueo, pese a presumir reiteradamente de autogoberno. Esa inacción está a comprometer o futuro dun sector do que dependen milleiros de familias, especialmente mulleres que atopan no marisqueo o seu principal medio de vida.

Tal e como reflicten os datos oficiais, as capturas e a facturación caeron arredor dun 70% no último ano. Nas zonas da Costa da Morte, Barbanza e Muros-Noia a redución chega ao 76 % nos primeiros meses do ano respecto ao mesmo período de 2023, e a facturación baixou un 73 %. O prezo medio do berberecho aumentou, pero este incremento non compensa a caída da produción nin a falta de ingresos das mariscadoras.

O estuario do Anllóns —principal fornecedor de berberecho— tamén sufriu unha redución drástica: apenas 9.631 quilos comercializados desde xaneiro fronte aos máis de 38.000 do ano anterior. A situación confirma que non se está a producir a rexeneración natural necesaria, nin se están a aplicar medidas eficaces para aseguralo.

Esta problemática foi trasladada ao Parlamento polo Grupo Socialista en numerosas ocasións. Porén, a Xunta continúa negando a gravidade da situación, acusando de alarmismo tanto ao sector como ás organizacións que denuncian a falta de resposta institucional.

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:55
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 02/01/2026 ás 09:54
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

153835

28071 Madrid

@PSDeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:23:54
Nº Rexistro: 43784
Data envío: 02/01/2026 10:23:54.349

A situación é crítica, no caso da ría de Camariñas, a situación é especialmente dramática. Preto de 120 profesionais —na súa inmensa maioría mulleres— levan desde finais do pasado ano sen ingresos, debido á desaparición de ameixa e berberecho e á ausencia de rexeneración natural. O sector reclama axudas urxentes e, sobre todo, semente para permitir a recuperación dos bancos, pero a Xunta non ofreceu respostas suficientes nin actuou con rapidez.

A continuidade da actividade marisqueira en Camariñas depende dunha actuación inmediata, planificada e dotada de recursos, que teña en conta o coñecemento do sector e a evidencia científica sobre o estado ecolóxico das rías.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Considera o Goberno de Galicia que pode seguir mantendo unha posición inmovilista e negacionista ante a caída histórica da produción marisqueira nas rías galegas, que está a provocar o peche de numerosos bancos e a perda de ingresos de milleiros de familias, maioritariamente mulleres?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153836

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:54:57

Paloma Castro Rey na data 02/01/2026 9:55:04

Carlos López Font na data 02/01/2026 9:55:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:23:54
Nº Rexistro: 43784
Data envío: 02/01/2026 10:23:54.349

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:23:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:23:54
Nº Rexistro: 43784
Data envío: 02/01/2026 10:23:54.349

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A mobilidade voluntaria do persoal funcionario é un dereito recoñecido no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e constitúe unha ferramenta esencial para favorecer a conciliación da vida laboral e persoal, o desenvolvemento profesional e a racionalización da organización administrativa.

Porén, na Administración autonómica galega, a xestión dos concursos de traslados, tanto dos corpos xerais como dos corpos e escalas especiais, caracterízase pola falta de periodicidade, o atraso na resolución e a ausencia de procedementos abertos e continuos. En moitos casos, transcorran varios anos entre unha convocatoria e outra, o que impide a mobilidade real do persoal e xera malestar e desmotivación entre os empregados e empregadas públicas.

Esta situación contrasta co modelo de concursos permanentes e abertos que xa funcionan con éxito no Servizo Galego de Saúde (Sergas) e na Administración Xeral do Estado, onde o persoal pode solicitar prazas dispoñibles ao longo de todo o ano, con resolucións periódicas e con sistemas informáticos eficaces e transparentes.

A realidade da función pública autonómica galega amosa, pola contra, unha notable carencia de medios humanos e técnicos na dirección xeral competente en materia de función pública, o que provoca retrasos reiterados tanto nos concursos de traslados como noutros procedementos (ofertas de emprego público, promoción interna, bolsas, etc.).



Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma un compromiso real coa modernización e co dereito á mobilidade do persoal público, mediante a convocatoria recorrente e aberta dos concursos, a mellora dos medios informáticos e o reforzo do persoal técnico destinado á súa tramitación.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

1. Ten previsto o Goberno galego implantar un sistema de concursos abertos e permanentes na función pública autonómica, semellante ao existente no Sergas e na Administración Xeral do Estado?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:55:47

Paloma Castro Rey na data 02/01/2026 9:55:55

Carlos López Font na data 02/01/2026 9:56:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:24:29
Nº Rexistro: 43786
Data envío: 02/01/2026 10:24:29.373

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:24:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:24:29
Nº Rexistro: 43786
Data envío: 02/01/2026 10:24:29.373

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado 15 de outubro tivo lugar unha reunión entre deputadas do Grupo Parlamentario Socialista e traballadoras da escala de Servizos Sociais da Xunta de Galicia. Nela trasladouse unha situación de profunda precariedade que se arrastra dende hai máis dunha década, afectando a milleiros de profesionais que desempeñan tarefas esenciais nunha das áreas máis sensibles da Administración galega.

As empregadas públicas da escala de Servizos Sociais levan 13 anos sen un concurso de traslados, unha anomalía administrativa que impide a mobilidade voluntaria, limita dereitos básicos, xera inestabilidade vital e profesional e incumpre tanto o principio de periodicidade recollido na normativa como as boas prácticas en materia de función pública.

A isto engádese a práctica inexistencia de oportunidades reais de promoción profesional, o que consolida un modelo organizativo no que o persoal permanece estancado, sen itinerarios claros de carreira, sen recoñecemento da experiencia acumulada e sen instrumentos para mellorar a súa cualificación ou progresar dentro da Administración.

A discriminación tamén se manifesta no acceso ás xefaturas e responsabilidades de coordinación, onde continúan producíndose nomeamentos discrecionais que non garanten a igualdade de oportunidades nin a concorrência competitiva. Estas prácticas resultan aínda máis graves nunha escala altamente feminizada, na que a falta de transparencia e de mobilidade profesional impacta de maneira

Asinado o día 02/01/2026 ás
09:56
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 02/01/2026 ás
09:56
Por Patricia Iglesias Rey



directa nas condicións laborais das mulleres e na perpetuación de desigualdades estruturais.

Adicionalmente, o persoal de Servizos Sociais da Xunta sofre unha sobrecarga laboral crecente en áreas especialmente sensibles como:

- o IMELGA, onde a carga pericial é cada vez maior e se trasladan ao persoal responsabilidades sen reforzos suficientes;
- o ámbito da dependencia, con listas de agarda extensas e avaliacións acumuladas;
- o sistema de protección de menores, que afronta unha complexidade crecente con equipos infradotados;
- a área de discapacidade, tamén afectada pola falta de reforzos, incremento de expedientes e atrasos na tramitación.

A resposta do Goberno galego fronte a esta realidade non foi o reforzo dos equipos nin a creación de máis prazas, senón unha tendencia progresiva á externalización e privatización de servizos sociais, como se observa na derivación de funcións do IMELGA cara dispositivos externos. Esta estratexia debilita o sistema público, aumenta a inestabilidade e resta capacidade técnica aos servizos propios da Administración.

Todo isto conforma un escenario insostible que require unha resposta inmediata: é necesario convocar concursos, activar procesos de promoción, garantir transparencia nas xefaturas, frear a privatización e reforzar de maneira urxente os equipos profesionais que atenden á cidadanía en ámbitos de especial protección.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:25:02
Nº Rexistro: 43788
Data envío: 02/01/2026 10:25:02.854

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Como xustifica o Goberno galego que a escala de Servizos Sociais da Xunta de Galicia leve 13 anos sen un concurso de traslados, incumprindo os principios básicos de periodicidade, mobilidade voluntaria e estabilidade profesional?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

153845

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 9:56:49

Paloma Castro Rey na data 02/01/2026 9:56:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:25:02
Nº Rexistro: 43788
Data envío: 02/01/2026 10:25:02.854

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:25:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:25:02
Nº Rexistro: 43788
Data envío: 02/01/2026 10:25:02.854

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:58:22
Nº Rexistro: 43803
Data envío: 02/01/2026 10:58:22.712

Asinado o día 02/01/2026 ás 10:56
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O programa 733A, destinado á eficiencia enerxética e ao impulso das enerxías renovables, presenta no terceiro trimestre de 2025 unha execución orzamentaria de apenas o 12,3 %, unha cifra especialmente grave se se ten en conta o carácter estratéxico desta política no contexto actual de transición ecolóxica, crise climática e perda de competitividade industrial.

Esta baixísima execución non pode explicarse por factores alleos nin por dificultades técnicas sobrevidas, senón que responde a unha falta de vontade política clara do Goberno galego para liderar un modelo enerxético sostible, público e socialmente xusto. Galicia conta cun enorme potencial en recursos renovables —vento, auga, biomasa e sol— que, lonxe de ser aproveitado en beneficio do conxunto da cidadanía, está a ser xestionado de maneira desordenada, opaca e crecentemente privatizada.

No ámbito da enerxía eólica, a situación é paradigmática do fracaso da planificación autonómica. Galicia acumula máis de 90 parques eólicos suspendidos xudicialmente, como consecuencia dun marco normativo inestable, dun planeamento obsoleto —cun Plan Eólico vixente desde 1997— e dunha sucesión de modificacións lexislativas que xeraron inseguridade xurídica, conflito social e paralización administrativa. Esta realidade evidencia a incapacidade da Xunta de Galicia para compatibilizar a implantación das renovables co respecto ambiental, a participación social e a seguridade xurídica.

Asinado o día 02/01/2026 ás 10:56
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 10:56
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

153848

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:58:22
Nº Rexistro: 43803
Data envío: 02/01/2026 10:58:22.712

Ao mesmo tempo, o Goberno galego mantén unha actitude de desleixo absoluto cara ás comunidades enerxéticas, un instrumento recoñecido pola Unión Europea como clave para democratizar o acceso á enerxía, reducir custos para fogares e pomes e favorecer a participación cidadá na transición enerxética. A falta de convocatorias ambiciosas, de apoio técnico e de acompañamento institucional está a impedir que Galicia aproveite esta oportunidade de desenvolvemento local e cohesión social.

Resulta especialmente preocupante que, mentres se executa de forma mínima o orzamento destinado á eficiencia enerxética e ás renovables, a Xunta avance na privatización dos recursos naturais estratéxicos mediante fórmulas de colaboración público-privada, como a sociedade híbrida Recursos de Galicia, que carece de transparencia, control parlamentario efectivo e garantías de retorno social. Este modelo traslada o control do vento, da auga e dos recursos mineiros a intereses privados, sen asegurar beneficios reais para o territorio nin para a cidadanía galega.

A baixa execución do programa 733A ten consecuencias directas: atraso na redución da dependencia enerxética, perda de oportunidades industriais ligadas á enerxía limpa, maiores custos para familias e empresas e renuncia a un modelo de desenvolvemento sostible con valor engadido local. Nun momento no que outras comunidades autónomas e o propio Goberno de España están a acelerar investimentos en renovables e eficiencia, Galicia queda atrás por falta de planificación, ambición e execución orzamentaria.

En definitiva, a execución do 12,3 % do programa 733A no terceiro trimestre de 2025 constitúe unha mostra evidente do fracaso da política de transición enerxética da Xunta de Galicia, baseada máis en anuncios e estruturas opacas que en investimentos reais, control público e beneficios sociais.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153849

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:58:22
Nº Rexistro: 43803
Data envío: 02/01/2026 10:58:22.712

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Como xustifica a Xunta unha execución do 12,3 % nun programa clave para a transición enerxética?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153850

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 10:56:07

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 10:56:14

Lara Méndez López na data 02/01/2026 10:56:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:58:22
Nº Rexistro: 43803
Data envío: 02/01/2026 10:58:22.712

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 10:58:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 10:58:22
Nº Rexistro: 43803
Data envío: 02/01/2026 10:58:22.712

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:14:32
Nº Rexistro: 43810
Data envío: 02/01/2026 11:14:32.615

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A realidade económica galega imponse á propaganda. Lonxe da imaxe que se está publicitando do Goberno galego, o mercado laboral da Comunidade mostra un dinamismo "francamente escaso" en comparación co conxunto de España, xa que a ocupación crece menos da metade do conxunto do país entre 2018 e 2025.

Así as cousas, é un engano dicir que o mercado laboral galego evoluciona de forma satisfactoria e similar ao conxunto de España. O envellecemento da poboación galega é o que provoca que a taxa de desemprego redúzase máis que en conxunto de España, o que provoca a redución da poboación activa, que en Galicia leva seis anos estancada mentres no Estado crece un 7,5 por cento. Ao ter menos poboación, o PIB per cápita é aparentemente maior, pero en termos reais non é así, xa que ten que ver con que a poboación galega creceu en seis anos un escasísimo 0,3 por cento, fronte ao cinco por cento do conxunto de España, que crece a un ritmo 18 veces maior.

Por outra banda, non coñecemos a día de hoxe as actuacións levadas a cabo pola creación da nova Oficina económica de Galicia; poderíamos presupoñer que as súas funcións van a ser de gran relevancia no aspecto económico do goberno galego, pero analizando polo miúdo o novo decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que a Oficina económica de Galicia carece de funcións executivas, son máis ben de coordinación, de estudo e análise.

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:11
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:11
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

153853

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:14:32
Nº Rexistro: 43810
Data envío: 02/01/2026 11:14:32.615

Por outra banda, o programa orzamentario 612A presenta unha execución do 47,1 % no terceiro trimestre de 2025, unha cifra especialmente preocupante tratándose dun pro-grama destinado á planificación e coordinación económica do conxunto da acción do Goberno galego.

Esta baixa execución evidencia o fracaso da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta, creada para anticipar riscos, coordinar políticas sectoriais e mellorar a eficacia da acción económica do Executivo, pero que na práctica carece de resultados avaliábles e de impacto real.

Nun contexto de incerteza económica e perda de peso da industria galega, a ausencia dunha verdadeira coordinación económica supón unha grave carencia estrutural do Goberno galego.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que actuacións concretas desenvolveu a Oficina de Coordinación Económica en 2025?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

28071 Madrid

153854

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 11:11:30

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 11:11:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:14:32
Nº Rexistro: 43810
Data envío: 02/01/2026 11:14:32.615

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 11:14:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:14:32
Nº Rexistro: 43810
Data envío: 02/01/2026 11:14:32.615

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:29:55
Nº Rexistro: 43817
Data envío: 02/01/2026 11:29:55.505

Asinado o día 02/01/26
11:25
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O programa 734A, destinado ao fomento da actividade mineira en Galicia, presenta no terceiro trimestre de 2025 unha execución orzamentaria de apenas o 1,8 %, unha cifra que evidencia a ausencia total dunha política mineira planificada, sostible e con visión de país por parte da Xunta de Galicia.

Esta execución practicamente nula non pode interpretarse como un feito illado, senón como o reflexo dunha estratexia inexistente no ámbito da minería. Galicia carece hoxe dun plan galego de actividades extractivas que ordene o sector, identifique as materias primas estratéxicas, estableza criterios ambientais claros e defina mecanismos efectivos de retorno económico e social para os territorios afectados polas explotacións.

A falta de planificación está a provocar unha situación de desorde administrativa, inseguridade xurídica e conflito social, con numerosos procedementos xudiciais abertos, autorizacións anuladas e proxectos paralizados. Lonxe de ofrecer un marco estable e garantista, o Goberno galego optou por unha xestión reactiva, caso a caso, sen transparencia nin avaliación global do impacto ambiental, económico e social da actividade mineira.

Resulta especialmente grave que, nun contexto europeo no que se fala de autonomía estratéxica en materias primas críticas, a Xunta de Galicia non sexa quen de articular unha política pública que compatibilice o aproveitamento racional dos recursos minerais coa protección ambiental e o desenvolvemento

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:24
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:24
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

153857

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:29:55
Nº Rexistro: 43817
Data envío: 02/01/2026 11:29:55.505

local. A minería podería contribuír á cadea de valor industrial e á creación de emprego de calidade, mais a inacción do Executivo impide aproveitar esta oportunidade.

Ao mesmo tempo, o Goberno galego non garante un retorno económico e social xusto para as comarcas que soportan os impactos das actividades extractivas. Non existen mecanismos claros de compensación, reinvestimento territorial nin participación das comunidades locais nos beneficios xerados. Os territorios asumen os custos ambientais e sociais mentres os beneficios se externalizan, agravando o despoboamento e a perda de actividade económica.

Cómpre engadir, ademais, a preocupante intención da Xunta de externalizar funcións de inspección e control mineiro, o que supón unha privatización encuberta das tarefas de vixilancia pública nun sector de alto risco ambiental. Esta deriva compromete a capacidade da Administración para garantir o cumprimento da legalidade, a protección do medio ambiente e a seguridade das persoas.

A execución do 1,8 % do programa 734A non só revela unha renuncia explícita a fomentar unha minería sostible, senón tamén a falta de compromiso coa modernización do sector, coa innovación tecnolóxica e coa creación dunha cadea de valor que xere riqueza e emprego en Galicia.

En definitiva, a baixísima execución orzamentaria deste programa confirma que a política mineira da Xunta de Galicia carece de planificación, ambición e responsabilidade territorial, deixando sen resposta un sector estratéxico que require control público, sustentabilidade ambiental e retorno social real.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

153858

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:29:55
Nº Rexistro: 43817
Data envío: 02/01/2026 11:29:55.505

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Como xustifica a Xunta de Galicia que o programa 734A teña unha execución de apenas o 1,8 % no terceiro trimestre de 2025?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / **981.55.15.30**

28071 Madrid

153859

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 11:24:42

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 11:24:49

Lara Méndez López na data 02/01/2026 11:25:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:29:55
Nº Rexistro: 43817
Data envío: 02/01/2026 11:29:55.505

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 11:29:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:29:55
Nº Rexistro: 43817
Data envío: 02/01/2026 11:29:55.505

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou recentemente o cesamento do ata agora secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, tras máis de dezaseis anos de vinculación á responsabilidade do deporte galego en diferentes etapas.

A Xunta designou como substituto a Roberto García, quen viña desempeñando desde 2009 a Xefatura do Servizo Provincial de Deportes na Coruña.

Este relevo prodúcese nun contexto no que o deporte galego arrastra diversas demandas e reclamacións pendentes por parte de federacións, clubs, deportistas, técnicos e entidades locais, relacionadas, entre outras cuestións, co financiamento, as infraestruturas, a planificación estratéxica, o apoio ao deporte base e ao alto nivel, así como coa transparencia e participación do sector nas decisións públicas.

O inicio dunha nova etapa na Dirección Xeral para o Deporte debería servir para clarificar as prioridades da política deportiva da Xunta e dar resposta ás necesidades existentes.

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:41
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:41
Por Paloma Castro Rey





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:44:17
Nº Rexistro: 43824
Data envío: 02/01/2026 11:44:17.481

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego co cambio na Dirección Xeral para o Deporte revisar, actualizar ou modificar a planificación estratéxica da política deportiva galega?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

153863

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 02/01/2026 11:41:49

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 11:41:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:44:17
Nº Rexistro: 43824
Data envío: 02/01/2026 11:44:17.481

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 11:44:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:44:17
Nº Rexistro: 43824
Data envío: 02/01/2026 11:44:17.481

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:52:04
Nº Rexistro: 43829
Data envío: 02/01/2026 11:52:04.666

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Ao longo do ano 2025, foron varias as veces que se debateu neste Parlamento sobre a situación das persoas enfermas con covid persistente e tamén sobre as unidades multidisciplinares que as viñan atendendo.

Porque segundo os últimos datos, foron de 762.301 o número de casos de Covid rexistrados en Galicia. E aínda que unha porcentaxe alta se curou, hai outras persoas que agora teñen unha nova afección, que aínda que teñen varias denominacións, as máis frecuentes son a Covid persistente ou “covid prolongada”.

O Covid persistente poderíamos denominalo como unha enfermidade emerxente, e de momento, transcorreu relativamente pouco tempo para poder avanzar con respecto ao mecanismo que o desencadea.

Pero o que está claro, é que as persoas que o padecen se ven afectadas en todos os sistemas orgánicos, incluído o sistema cardiovascular, o nervioso, o endócrino, o inmunolóxico, o reprodutivo e o gastrointestinal. Algúns dos síntomas máis frecuentes son: malestar xeral, dores musculares, astenia, falta de concentración, fallos de memoria etc.

E as persoas afectadas por covid persistente, eran atendidas inicialmente nas unidades multidisciplinares que existían nas 7 áreas sanitarias de Galicia.

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:50
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:50
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153866

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:52:04
Nº Rexistro: 43829
Data envío: 02/01/2026 11:52:04.666

Unidades que tiñan por obxectivo -segundo a propia Xunta- a atención e a recuperación, apropiada, equitativa, eficiente, homoxénea e estandarizada dos pacientes afectados por esta patoloxía e que superaran a fase aguda.

Pero a Xunta, a diferenza doutras CC.AA como é o caso de Aragón ou o País Vasco, por citar algunha, pouco a pouco foi pechando as ditas unidades. A súa intención sempre foi pechalas, aínda que a pregunta deste grupo ao Goberno galego o 27 de marzo de 2025, respóndesenos que reorganizaría as unidades postcovid ao se reduciren o número de persoas atendidas.

A última en desmantelar foi a de Ourense, e só permaneceu o servizo de enfermería de referencia ata hai uns días.

A covid persistente foi recoñecido en xullo de 2025, polo ministerio de Sanidade, como enfermidade crónica, pero os enfermos da COVID persistente non contan co apoio da Xunta de Galicia, e ao ter patoloxías que afectan a distintas partes do seu organismo, reclaman, entre outras cuestións, unha mellor atención integral e denuncian que, ante a falta de unidades específicas, deben peregrinar dun especialista a outro.

Por iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Está a Xunta de Galicia, disposta a crear consultas de enfermaría da covid persistente en todas as áreas sanitarias, para atender ás persoas afectadas, tal e como sucede con outras enfermidades crónicas?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

153867

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 11:50:00

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 11:50:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:52:04
Nº Rexistro: 43829
Data envío: 02/01/2026 11:52:04.666

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 11:52:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:52:04
Nº Rexistro: 43829
Data envío: 02/01/2026 11:52:04.666

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:19:41
Nº Rexistro: 43834
Data envío: 02/01/2026 13:19:41.475

Asinado o día 02/01/2026 ás 13:00
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 prevese que Galicia estará en disposición de recuperar a estabilidade orzamentaria a partir do ano 2025 e deixar de ter que recorrer ao endebedamento, obxectivos que lonxe de conseguirse están a empeorar presente polo incremento da débeda pública.

Respecto ao investimento en I+D+I, fíxase no plan estratéxico que a Xunta quere favorecer unha Galicia dixital e innovadora e para impulsar este obxectivo inclúese duplicar o gasto en I+D ata situarse próximo ao 2 % do PIB; ou que o 90 % da poboación adulta empregue a súa competencia dixital. Neste eido, cómpre lembrar que Galicia se sitúa no 1,1 % do PIB na materia de I+D+I, lonxe do 1,4 % da media do estado e a anos luz do 2,5 % da media europea.

Por outra banda, os datos da execución real dos fondos dedicados a I+D+I na Xunta de Galicia é inaceptable e amosa unha xestión ineficiente dos mesmos.

Así, o Goberno galego deixou de executar e, por tanto, favorecer á mellora do sistema investigador galego máis de 200 millóns de euros e deixou sen executar case o 30 % do diñeiro orzado.

Asinado o día 02/01/2026 ás 12:59
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 02/01/2026 ás 12:59
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

153870

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:19:41
Nº Rexistro: 43834
Data envío: 02/01/2026 13:19:41.475

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales foron os motivos para que a Xunta de Galicia deixara de executar case un 30% no derradeiro orzamento para atender o sistema galego de I+D+I?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153871

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 02/01/2026 12:59:45

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 12:59:53

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 13:00:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:19:41
Nº Rexistro: 43834
Data envío: 02/01/2026 13:19:41.475

CSV: BOPGDSPG-TUVFqvDp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 13:19:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:19:41
Nº Rexistro: 43834
Data envío: 02/01/2026 13:19:41.475

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:20:55
Nº Rexistro: 43837
Data envío: 02/01/2026 13:20:55.520

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Consello de Patrimonio Histórico seleccionou a Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra, situado nas provincias de Ourense e Lugo, como a nova candidatura para formar parte da prestixiosa Lista de Patrimonio Mundial da UNESCO. A decisión foi aprobada durante a 94ª Reunión do Consello de Patrimonio Histórico, celebrado o pasado venres, 5 de abril, na illa da Palma.

Por este motivo faise máis necesario avanzar no Plan de sustentabilidade turística e na mellora de actuacións en torno a esta paraxe na que permita acadar o obxectivo final de lograr o distintivo así como amosar así o firme compromiso con esta contorna para seguir potenciando un destino turístico vinculado a unha forma de vida e a súa contribución ao coidado medioambiental e ao sostemento dunha paisaxe de alto valor declarada de interese cultural pola Xunta de Galicia.

O Plan de sustentabilidade turística na Ribeira Sacra está orientado a estruturar un conxunto de actuacións que, enmarcadas nas liñas da candidatura de Ribeira Sacra ao Patrimonio da Humanidade, permitan garantir a sustentabilidade ambiental, económica e social no proceso de consolidación de Ribeira Sacra como destino turístico. En decembro de 2020 fírmase o convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia de Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, para a implantación do Plan de sustentabilidade turística na Ribeira Sacra, onde as achegas serán de 850.000 euros por parte da Secretaría de Estado de Turismo, 850.000 euros achega a

Asinado o día 02/01/2026 ás
13:00
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 02/01/2026 ás
13:00
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153874

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:20:55
Nº Rexistro: 43837
Data envío: 02/01/2026 13:20:55.520

Axencia de Turismo de Galicia e 150.000 ao Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de sustentabilidade turística na Ribeira Sacra. Este plan pretende: estruturar un conxunto de actuacións que, enmarcadas dentro das liñas da candidatura de Ribeira Sacra ao Patrimonio da Humanidade, permitan garantir a sustentabilidade ambiental, económica e social no proceso de consolidación de Ribeira Sacra como destino turístico. A consecución deste obxectivo xenérico baséase no enfoque dos seguintes obxectivos operativos, que inspiran a formulación das actuacións incluídas no plan:

1. Estructurar un sistema de mobilidade sostible que reduza o impacto dos turistas na paisaxe, e ofrezca unha experiencia máis sostible, saudable e segura.
2. Reducir o impacto ambiental xerado polos equipamentos e infraestruturas públicas, facendo uso das fontes de enerxía dispoñibles no territorio.
3. Resolver os incipientes problemas de masificación observados en determinados recursos turísticos e culturais, mellorando a súa xestión.
4. Incorporar determinados recursos, ata agora pouco dinámico, á oferta turística, potenciando a distribución espacial dos fluxos e o incremento da estadia media.
5. Mellorar a conservación dos núcleos tradicionais en risco de abandono e a súa integración paisaxística.
6. Mellorar o coñecemento dispoñible sobre a demanda e a oferta turística, como ferramenta para a toma de decisións e a xestión sustentable.
7. Crear, promover e comercializar produtos turísticos sostibles e adaptados ás necesidades do mercado e á identidade do territorio.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153875

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:20:55
Nº Rexistro: 43837
Data envío: 02/01/2026 13:20:55.520

8. Instalar unha única imaxe de destino, mediante a marca, a sinalización e a coordinación dos servizos de información e visitantes.
9. Dotar ao sector das ferramentas necesarias para ofrecer un servizo de calidade acorde coas medidas de seguridade e hixiene vixentes en cada momento.
10. Xerar oportunidades de emprego que contribúan a atraer e fixar poboación no territorio, garantindo a conservación da paisaxe, así como dos usos e tradicións.
11. Sensibilizar á poboación local sobre a importancia do Valor Universal Extraordinario da Ribeira Sacra e sobre as oportunidades do turismo sostible para o territorio.
12. Reforzar a capacidade técnica e económica da entidade xestora para liderar o desenvolvemento, execución e avaliación do plan.

Os obxectivos do Plan de sustentabilidade turística da Ribeira Sacra, tal e como amosaramos dende o Partido Socialista con anterioridade, debería reforzarse coa electrificación das embarcacións que navegan o río Sil e o río Miño, para ter deste xeito un transporte fluvial sostible ó longo da Ribeira Sacra. Para que isto pódase realizar necesítase máis financiamento por parte da Administración autonómica. No río Sil atópanse os seguintes peiraos para coller as embarcacións: Santo Estevo (Nogueira de Ramuín), Abeleda (Castro Caldelas), Ponte do Sil (Monforte de Lemos) e Os Chancís (Sober). E no río Miño está o embarcadero de Belesar (O Saviñao) e o dos Peares (Carballedo). Estes catamaráns para facelos sostibles é necesario que pasen a estar electrificados. Nestes momentos só hai unha embarcación híbrida de 11 prazas que navega polo río Miño.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:20:55
Nº Rexistro: 43837
Data envío: 02/01/2026 13:20:55.520

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que estado de execución se atopa o Plan de sustentabilidade turística na Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153877

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 02/01/2026 13:00:28

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 13:00:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:20:55
Nº Rexistro: 43837
Data envío: 02/01/2026 13:20:55.520

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 13:20:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:20:55
Nº Rexistro: 43837
Data envío: 02/01/2026 13:20:55.520

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:21:41
Nº Rexistro: 43839
Data envío: 02/01/2026 13:21:41.586

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O pasado 29 de abril celebrábase un Pleno ordinario no Concello de Monforte, onde se debatía unha proposta presentada polo Grupo Municipal Socialista. Dita proposta foi aprobada por unanimidade.

Nos case nove anos que o Partido Socialista está ao fronte do Concello levan a cabo un programa de actuacións nas infraestruturas municipais, co obxectivo de dotar con mellores servizos ao municipio e polo tanto a súa veciñanza.

O obxectivo municipal é seguir nesta liña o que está a supoñer unha mellora moi importante en todos os ámbitos do Concello de Monforte, tanto no ámbito urbano como nas parroquias.

O Concello vén de arranxar unha estrada provincial coa colaboración co ente provincial, estrada que une San Xoan de Tor con Fiolleda, rematando con esta actuación o arranxo de todas as estradas provinciais situadas no termo municipal de Monforte de Lemos.

Lamentablemente non fan o mesmo todas as administracións, naquelas estradas que discorren polo termo municipal, nomeadamente a Xunta de Galicia, cando menos, un par de travesías da súa titularidade, que compren a función de estrada e de rúa o mesmo tempo, como é o caso da rúa Chantada e da rúa Morín principalmente.

Asinado o día 02/01/2026 ás
13:01
Por Carlos López Font

Asinado o día 02/01/2026 ás
13:01
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

153880

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:21:41
Nº Rexistro: 43839
Data envío: 02/01/2026 13:21:41.586

A rúa Chantada, que ten o seu inicio no cruce da rúa Cardeal coa avenida de Galicia onde está instalado o quilómetro cero, ten o seu asfalto moi deteriorado en varios puntos, xerando algunha fochanca e tendo gretado o asfalto noutras partes do pavimento, e require tamén dunha renovación de sinalización horizontal alo menos dende o cruce do Cardeal á rotonda do Hórreo, aínda que requiriría dun proxecto de desdoblamento entre a rotonda do Hórreo e a rotonda do Salón do moble, onde conecta as vías de alta capacidade de Lugo e de Santiago.

Polo que respecta a rúa Morín, ten incluso o firme máis deteriorado con fochancas e blandóns así como as beirarrúas en mal estado, sendo a titularidade da Xunta de Galicia dende a liña dos edificios de ámbalas marxes desta estada, polo que sería necesario o seu arranxo dende o cruce coa rúa San Pedro ata o final da recta de Ribasaltas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia arranxar a rúa Chantada no Concello de Monforte?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153881

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 02/01/2026 13:01:03

Carlos López Font na data 02/01/2026 13:01:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:21:41
Nº Rexistro: 43839
Data envío: 02/01/2026 13:21:41.586

CSV: BOPGDSPG-TUVFqvDp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 13:21:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:21:41
Nº Rexistro: 43839
Data envío: 02/01/2026 13:21:41.586

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:22:21
Nº Rexistro: 43841
Data envío: 02/01/2026 13:22:21.167

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Unións Agrarias-UPA presentou un recurso contencioso ante o Xulgado da Orde do 28/12/2022 onde se establecen as bases reguladoras do programa Impacto Autonómico, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023, publicada no Diario Oficial de Galicia número 3 de 04/01/2023.

Solicítase a nulidade dunha parte do texto de dita orde, a contida nos apartados 1º e 3º do seu artigo 6º por entender que na forma na que figura redactados fan que queden excluídos do seu ámbito de beneficiarios as persoas autónomas con menos ingresos e das entidades con menor facturación, incorrendo así a administración nunha discriminación inxustificada que non se basea en criterios técnicos obxectivos e resulta contraria aos fins da propia orde.

O texto cuxa nulidade se pretende dende Unións no seu recurso corresponde como dicíamos co artigo 6º da orde titulado “persoas beneficiarias” nos seus apartados 1º e 3º que di: 1. Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nesta orde tódalas persoas traballadores e traballadoras por conta propia, así como as persoas mutualistas, con domicilio fiscal en Galicia e que teñan uns rendementos netos mínimos de actividades económicas realizadas de 10.000 € e un máximo de 30.000 €, no mesmo ano 2021. 3. Tamén poden ser beneficiarias as microempresas, sociedades, incluídas as de economía social, comunidade de bens ou sociedade civís, con domicilio fiscal en Galicia e con un mínimo de facturación no ano 2021 de 50.000 € e cun máximo de 750.000 € no mesmo ano 2021.

Asinado o día 02/01/2026 ás
13:01
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 02/01/2026 ás
13:01
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153884

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:22:21
Nº Rexistro: 43841
Data envío: 02/01/2026 13:22:21.167

A pretensión da solicitude da nulidade de ditos apartados é por entender que se incorre nunha discriminación inxustificada que non se basea en criterios técnicos obxectivos. E máis porque exclúe como posibles beneficiarios da mesma precisamente a quen ten menos ingresos e unha menor facturación, sendo estes beneficiarios os máis necesitados en estas axudas.

A vista da sentenza que estima o recurso e polo tanto anula os apartados mencionados na exposición é polo que as deputadas que asinan presentan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia resarcir dalgunha maneira a aqueles que quedaron excluídas desta convocatoria?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153885

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 02/01/2026 13:01:33

Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/01/2026 13:01:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:22:21
Nº Rexistro: 43841
Data envío: 02/01/2026 13:22:21.167

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 13:22:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:22:21
Nº Rexistro: 43841
Data envío: 02/01/2026 13:22:21.167

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:22:53
Nº Rexistro: 43843
Data envío: 02/01/2026 13:22:53.059

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Rolda Leste ou a LU-021 é unha autovía galega que circunvala a cidade de Lugo: o primeiro tramo, de 2,4 quilómetros, foi inaugurado no ano 2009. O proxecto do segundo tramo, que tería unha lonxitude de case 3 quilómetros, está paralizado dende a finalización do primeiro.

Ano tras ano, vimos como nos orzamentos autonómicos se reflectía unha partida dedicada a ese fin sen que se executara nin un só euro e sen que se avanzara nada na súa tramitación. Logo se pasou á ausencia de financiamento por parte da Xunta de Galicia. E neste último ano, o Goberno galego incluíu nos orzamentos 5 millóns de euros, aínda sabendo que non sería posible acometer a obra.

Iso si, cando se acercaba algunha cita electoral o PP utilizaba esta obra como un tema recorrente de cara a promesas e compromisos, e logo nada se facía a este respecto.

Nestas ultimas eleccións municipais volveu pasar e vimos como, unha vez máis, se sacou dun caixón o proxecto para darlle continuidade a outro iniciado hai vinte anos, iso si, sen contemplar ningún tipo de adaptación do mesmo ás novas disposicións medioambientais a pesar do tempo que transcorreu dende o seu inicio.

Esta circunstancia obrigou ao Concello de Lugo e á Deputación Provincial a presentar alegacións ao proxecto co fin de actualizalo a nova normativa por desfase da anterior.

Asinado o día 02/01/2026 ás
13:02
Por Carlos López Font

Asinado o día 02/01/2026 ás
13:02
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

153888

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:22:53
Nº Rexistro: 43843
Data envío: 02/01/2026 13:22:53.059

Nas mesmas, propúñanse, entre outras cuestións, a revisión da evolución normativa realizada desde o 2003 e se alertaba dos substanciais e discordantes cambios da cartografía presentada no PXOM. Tamén se advertía do impacto da obra sobre o Plan Especial de Protección do río Miño, que non foi analizado.

Agora, unha ano despois, a propia Axencia Galega de Infraestruturas danos a razón porque acordou volver avaliar o proxecto desde o punto de vista do seu impacto ambiental, deixando sen efecto o proceso de información pública, que o PP, diante dunhas eleccións, retomou sen ter en conta estas cuestións non menores. É máis, a mesma AGI sostén que detecta na proposta de trazado e execución unha “excesiva afección ambiental” no parque periurbán do río Rato.

Dende o PSdeG entendemos que a Rolda Leste é unha infraestrutura necesaria para o desenvolvemento e crecemento da cidade de Lugo polo que debe ser finalizada, pero a súa execución non pode supoñer un prexuízo para a contorna, paisaxe ou riqueza patrimonial e medioambiental dos e das lucenses. Existen outros aspectos do proxecto que son mellorables, polo que, ao iniciar un novo procedemento de avaliación ambiental, debe terse en conta a normativa vixente, especificamente a Lei 21/2013 de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, e a Lei 9/2018 de 5 de decembro pola que modifica, entre outras, a referida lei 21/2013. Así mesmo, debe analizar o impacto sobre a Vía Künning - que se atopa en proceso de ser recoñecida oficialmente como vía de peregrinación-, e aproveitar para completar o anel hídrico de abastecemento de auga, cuestión que resulta fundamental tanto para o desenvolvemento desta rede nas parroquias do rural como para a súa conexión na zona sur da cidade, á altura da Avenida de Madrid.

Como dicíamos, a declaración de impacto ambiental presentada pola Xunta basease nun proxecto do ano 2003 e non pode ser válida para unha actuación no período actual, con condicións máis esixentes para preservar a contorna

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153889

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:22:53
Nº Rexistro: 43843
Data envío: 02/01/2026 13:22:53.059

natural e unha maior concienciación cidadán ante a crise climática que nos afecta, polo que é necesario sometela a un novo procedemento de avaliación que garanta a prevención de impactos ambientais nos trazados que se propoñan.

O proxecto de actualización debese aproveitar para facer un estudo maior e asegurar a súa inocuidade sobre a paisaxe, fauna, a propia configuración do territorio e toda a riqueza medioambiental e patrimonial.

Entendemos que se abre unha oportunidade e agradecemos que o Partido Popular se sume a petición do PSdeG a revisar un proxecto aprobado hai vinte anos coas novas necesidades e alternativas escoitando ao resto de administracións e á cidadanía, oportunidade que debemos aproveitar elaborando un proxecto que axunte todas as necesidades propostas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia crear unha mesa técnica entre as administracións implicadas para trasladarlle os avances do proxecto?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153890

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 02/01/2026 13:02:49

Carlos López Font na data 02/01/2026 13:02:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:22:53
Nº Rexistro: 43843
Data envío: 02/01/2026 13:22:53.059

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 13:22:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:22:53
Nº Rexistro: 43843
Data envío: 02/01/2026 13:22:53.059

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:23:33
Nº Rexistro: 43845
Data envío: 02/01/2026 13:23:33,398

Asinado o día 02/01/2026 ás 13:04
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Unha nova situación de desprotección na atención sanitaria preséntase no Courel debido á ausencia de persoal médico nos centros de saúde do Courel -en Folgoso e Seoane-. Ausencia que se dá durante tres días á semana.

Esta situación prodúcese de novo por un deixamento da Xunta de Galicia, e non por parte dos sanitarios, dado que un está de baixa e outro de vacacións.

Pero o que non se pode consentir é que os habitantes do Courel só se poidan poñer malos durante dous días da semana, que é cando está prevista a asistencia de facultativos presenciais nos centros de saúde do municipio, ou teñan que facer un desprazamento ata a unidade de urxencias de Monforte ou ben ao HULA como xa sucedeu.

Ante esta situación, a Xunta de Galicia, volve insistir en que a cobertura de urxencias está garantida. Garantida pero con graves prexuizos porque algúns doentes tiveron que se desprazar cos seus propios medios para acudir ao HULA e así poder ser atendidos.

Este é un caso máis da desesperación dos cidadáns que se atopan con problemas na atención primaria pero que o único que atopan de resposta por parte da Xunta de Galicia son vaguidades.

Asinado o día 02/01/2026 ás 13:04
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 13:03
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153893

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:23:33
Nº Rexistro: 43845
Data envío: 02/01/2026 13:23:33,398

Unha vez máis temos que afirmar que a atención primaria en Galicia, a nivel xeral, está desbordada, neste caso con problemas de substitucións de baixas, permisos ou vacacións

O Courel, necesita unha sanidade pública, universal e de calidade como calquera outro concello de Galicia.

Temémonos que de novo non esteamos ante un tema puntual, dado que agora se achega o período vacacional e a situación non pode facer máis que empeorar.

Ante esta situación, as deputadas que asinan querén coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia a substitución urxente dos médicos para que o Centro de Saúde do Courel teña garantida a asistencia médica durante toda a semana?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

153894

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 02/01/2026 13:03:29

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 13:04:03

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 13:04:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:23:33
Nº Rexistro: 43845
Data envío: 02/01/2026 13:23:33,398

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 13:23:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:23:33
Nº Rexistro: 43845
Data envío: 02/01/2026 13:23:33,398

CSV: BOPGDSPG-TUVFqVdp-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:24:07
Nº Rexistro: 43847
Data envío: 02/01/2026 13:24:07.149

Asinado o día 02/01/2026 ás 13:13
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Recentemente coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade, tanto para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica, ou unha consulta con especialistas.

Tampouco é de estrañar, cando coñecemos que Galicia sitúase á cola en gastos per cápita para Sanidade, xunto con educación e políticas sociais.

Pero é significativo que o máximo responsable de sanidade en Galicia, pida dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde das e dos pacientes”.

Ninguén dubida do bo facer dos profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesar das deficiencias organizativas.

